Análise de circuitos con portas lóxicas. Tipos de portas lóxicas: NOT, OR, AND, NOR, NAND e EXOR. Circuitos integrados e familias lóxicas.

Análise de circuitos combinacionais. Codificadores e decodificadores. Multiplexores e demultiplexores. Comparadores.

Software de simulación.

Aplicacións prácticas con circuitos combinacionais.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Circuitos secuencias.	13

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece circuitos lóxicos combinacionais, e determina as súas características e as súas aplicacións.	NO
RA2 - Recoñece circuitos lóxicos secuenciais, e determina as súas características e as súas aplicacións.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA1.10 Consultouse e interpretouse a información técnica e comercial de diferentes fabricantes.

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense diferenzas entre circuitos combinacionais e secuenciais.
CA2.2 Descríbense diferenzas entre sistemas síncronos e asíncronos.
CA2.3 Identifícanse os compoñentes e os bloques funcionais.
CA2.4 Identifícase a simboloxía normalizada.
CA2.5 Utilízanse os instrumentos lóxicos de medida axeitados.
CA2.6 Montáronse ou simuláronse circuitos.
CA2.7 Verifícase o funcionamento de circuitos básicos secuenciais.
CA2.8 Descríbense aplicacións reais dos circuitos con dispositivos lóxicos secuenciais.
CA2.9 Consultouse e interpretouse a información técnica e comercial de diversos fabricantes.

#### 4.10.e) Contidos

Contidos
Análise de circuitos secuenciais.
Biestables (asíncronos e síncronos) RS, JK, T e D.
Rexistros de desprazamento.
Contadores.
Simboloxía.
Equipamentos de medida.
Software de simulación.
Aplicacións prácticas con circuitos secuenciais.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1.- Os mínimos exigibles para superar o módulo serán os seguintes:

\* Compoñentes electrónicos pasivos

Coñecer compoñentes pasivos e as aplicacións.

Describir parámetros e magnitudes dos compoñentes pasivos.

Utilizar aparatos de medida adecuados en cada caso.

\* Compoñentes electrónicos activos.

Coñecer as aplicacións típicas de díodos e transistores.

Analizar circuitos de polarización de transistores medindo as magnitudes eléctricas características.

\* Fontes de alimentación.

Coñecer os bloques que forman unha F.A.

Describir rectificadores e filtros.

Realizar medidas con instrumentos adecuados nas F.A.

\* Circuitos de control de potencia.

Coñecer o funcionamento e características dos semicondutores de control de potencia.

Describir o funcionamento dos circuitos electrónicos básicos con semicondutores de control de potencia.

Simular circuitos calculando as magnitudes básicas características do circuito.

\* Amplificador operacional e circuitos lineais.

Describir diferentes tipos de configuración de amplificadores.

Coñecer a composición interna dos amplificadores operacionais.

Simular circuitos con amplificadores operacionais e verificar o seu funcionamento.

\* Xeradores de sinal e circuitos non lineais.

Identificar os compoñentes e describir o tipo, funcionamento e características dos circuitos comparadores, multivibradores e osciladores.

Simular circuitos, verificando o seu funcionamento (circuitos temporizadores, osciladores, comparadores).

\* Fundamentos de electrónica dixital.

Describir as funcións lóxicas empregadas en circuitos dixitais.

Identificar as portas lóxicas.

Simulación de circuitos realizados con portas lóxicas, verificando o seu funcionamento.

\* Circuitos combinacionais.

Identificar os bloques funcionais combinacionais básicos.

Interpretar o funcionamento e características dos bloques funcionais combinacionais como os codificadores, decodificadores, multiplexores e comparadores.

Simular circuitos con bloques funcionais combinacionais verificando o funcionamento.

\* Circuitos secuenciais.

Coñecer as diferenzas entre sistemas síncronos e asíncronos.

Identificar compoñentes e bloques funcionais de circuitos secuenciais.

Simular circuitos secuenciais verificando o funcionamento.

#### 5.2.- Os criterios de cualificación

A consecución dos obxectivos e destrezas básicos, mínimos exixibles desta materia pasan necesariamente polo dominio das ferramentas e técnicas axeitadas e por ser capaz de levar á aula taller o aprendido durante a exposición dos contidos conceptuais. De feito, é na aula taller, na realización de aplicacións prácticas e na construción de proxectos na cal estes contidos cobran sentido, poden ser asimilados e se pode profundar nos mesmos dunha forma máis natural, amena e eficaz para o alumnado, ao mesmo tempo que se lles dota de estratexias e recursos que lles axuden na súa vida profesional. Debe ser, por tanto, tamén unha das partes importantes da avaliación do alumnado.

De forma xeral, podemos dicir que de cara á avaliación dos alumnos e alumnas se terán en conta prioritariamente por un lado a asimilación dos contidos teóricos e por outro a capacidade do alumnado para levar á práctica os mesmos. A primeira parte será avaliada por medio de probas escritas, entrega de exercicios puntuais (láminas de debuxo, memorias de proxectos, boletíns de exercicios...) e eventualmente realización de traballos de busca de información e de ampliación nos contidos.

A segunda parte será avaliada por medio do traballo na aula-taller: avaliación dos proxectos realizados, das prácticas puntuais que se establezan, do bo uso das ferramentas e do emprego das técnicas axeitadas, do respecto ás normas de traballo no taller, etc. O peso estimativo de cada parte para o módulo de Electrónica dividirase a partes iguais entre a parte teórica e a parte práctica.

Dicir, no tocante ao método de avaliación, que entendemos que un alumno ou alumna non pode ter avaliación positiva nesta materia se non cumpre os requisitos mínimos en calquera das facetas expostas no parágrafo anterior, dado que están intimamente ligadas. Isto levarase a cabo establecendo unha cualificación mínima en tódalas partes importantes (teórica e práctica) que, de non ser acadada, producirá unha avaliación negativa globalmente na materia para o alumno ou alumna. Esta cualificación mínima non será superior a unha nota de 4 (proporcionalmente) en calquera das partes.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación consisten en actividades que se propoñen aos alumnos que non superan os mínimos esixibles en cada unha das sesións de avaliación programadas.

As actividades de recuperación que se van propoñer serán do seguinte tipo:

\* Traballos escritos relacionados cos resultados non alcanzados de identificación, interpretación, etc.

\* Repetición dos informes ou memorias que non superen a avaliación positiva.

\* montaxes e actividades prácticas ("subidos" a Aula Virtual do centro) que non superen os mínimos terán que finalizarse para alcanzar o aprobado.

Ademais o alumno terá que facer unha proba escrita e outra práctica de recuperación individual baseada nos traballos propostos.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Alumnos con perda do dereito a avaliación continua:

Aqueles alumnos que acumulen un número de faltas de asistencia igual o superior a 8 horas (10% do total), sen xustificar, perderán o dereito á avaliación continua polo que na programación hai que prever o sistema de avaliación que se aplicará nestes casos.

Os criterios de avaliación e mínimos esixibles serán os especificados nesta programación.

O procedemento de avaliación é unha proba final que consta de 2 partes, unha escrita e outra práctica no taller, a duración da cal será de 4 horas (2+2). Tanto a proba escrita como a práctica serán da mesma dificultade e características que as que se realizaron ao longo do curso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente:

Comprende a avaliación da programación e da actuación do profesor. Implica un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da programación e do sistema de ensino, co fin de introducir melloras no proceso.

Mensualmente realizaremos unha avaliación da programación onde se analizarán os resultados obtidos, a selección dos contidos, a secuenciación, a temporalización, a adecuación entre os criterios de avaliación e os instrumentos utilizados, as medidas de atención aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo e o clima da clase.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

#### Avaliación inicial:

Utilízase para valorar habilidades, destrezas, actitudes, coñecementos e dificultades que teñen os alumnos ao comezar o curso. Coñecida a situación da partida dos alumnos o proceso de avaliación valorará principalmente o progreso do alumno.

Como instrumento de avaliación, empregárase a observación directa, durante a primeira semana do curso, con debates e formulación de preguntas. Mediante a observación sistemática da actividade e comportamento do alumno/a recolléranse o maior número posible de datos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

#### Atención a diversidade:

É evidente que os compoñentes do grupo serán distintos e diferentes; diversos en canto a motivación, intereses ou capacidades, os alumnos adoitan optar por este ciclo atraídos polas presas para entrar no mundo laboral ou polo interese por este campo da técnica.

Baseándonos no principio de normalización e integración escolar, as actividades de cada unidade didáctica prográmanse segundo diferentes graos de dificultade:

Actividades básicas que están ao alcance de todos os alumnos.

Actividades de reforzo, para os alumnos que non logran rematar as básicas.

Actividades de ampliación para os alumnos con un ritmo de aprendizaxe máis rápido.

Coa fin de procurar a motivación do alumnado esas actividades responden ás seguintes finalidades básicas:

Fomento do traballo práctico.

Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo.

Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.

Identificación dos contidos básicos e imprescindibles para seguir progresando e os contidos complementarios.

Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.

Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.

Actividades de reforzo e ampliación en pequenos grupos.

Dentro da formación dos grupos procurarase que os mesmos sexan heteroxéneos co fin de posibilitar a axuda mutua.

En calquera caso, ao ser esta programación flexible e aberta, favorece os cambios que deberemos introducir para dar resposta ás diferenzas individuais en estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses ou dificultades de aprendizaxe.

Aos alumnos aos cales o progreso académico non sexa o esperado, tan pronto come se detecte o retraso, propoñeráseles actividades que poidan realizar de xeito autónoma e contarán coa dispoñibilidade do

profesorado para resolver dúbidas e responder a cuestións. Estas actividades basearanse no estudo do libro de texto, na consulta de catálogos e no emprego de Internet. Conforme a lexislación vixente, dende o Departamento de Orientación enviouse un dossier para a atención á ACNEAE, protocolos de atención específicos. Dado o tamaño do arquivo, non se inclúe neste apartado pero a xefatura do Departamento Didáctico de Electricidade ten copia. Na reunión cos demais membros darase información e difusión do mesmo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Contidos transversais:

Prestaremos atención á adopción de actitudes respectuosas, tolerantes e seguras, e aos criterios de aforro. Así incorporaremos os temas transversais aos contidos actitudinais tendo en conta:

Educación ambiental: cando se realicen os diversos montaxes e instalacións reutilizaranse compoñentes e aproveitaranse restos de cabreado e materias de refugallo; ao elixir as ferramentas, os equipos e os compoñentes perseguirase que o impacto medioambiental que producen sexa mínimo.

Educación para a saúde: todas as actividades prácticas están expostas a riscos polo que vixiarase o emprego seguro de ferramentas e equipos, proporcionando aos alumnos as normas de seguridade a seguir no taller e de emprego dos recursos.

Educación para a convivencia: os alumnos realizarán actividades prácticas traballando en equipo nas que se valorarán as actividades cara ao traballo ben feito, a solidariedade e a cooperación cos membros do grupos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse actividades complementarias e extraescolares como visitas a centrais eléctricas, térmicas solares, ciclo combinado, empresas, obras en construción. Todas elas sempre relacionadas coa formación correspondente os estudos do ciclo medio de electricidade.

De feito non debemos perder o interese directo co contacto do ensino coa industria da familia profesional, mailo problema de medidas de seguridade e de propiedade industrial, recortes económicos...

Debido a situación actual de Pandemia está recomendado sopesar os inconvenientes de risco da saúde do alumnado de profesorado, polo que non se aconsellan actividades complementarias e extraescolares.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Aula Virtual do Centro

Un dos recursos TIC que facilita a Consellería de Educación aos centros educativos, ao alumnado e ao profesorado é a Aula Virtual do centro. Neste módulo considerase clave este recurso. Ten acceso a programación didáctica, coma os temas de contidos, boletíns de exercicios, as prácticas, modelos de probas escritas... e moito máis material complementario de ampliación e de reforzo.



Está dispoñible a todos o alumnado e aceptanse convidados, con contrasinal [abalar] en:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslaxeiro/aulavirtual/>

O libro de Texto de Referencia é o da editorial EDITEX do módulo Electrónica.

### 10.2) Servizos Dixitais Educativos

Unha das ferramentas TIC que o noso centro dispón son as Google APPs, ferramentas cun enfoque educativo pero cunha proxección cara o Ámbito Laboral e Profesional futura. O noso alumnado dispón dun correo corporativo @ieslaxeiro.com que lle permitirá empregar baixo as directrices de Google Education un acceso as Novas Tecnoloxías e sobre todo de cara ao súa familia profesional. Os propios servizos dixitais educativos proporcionados pola Consellería, Aula Virtual, espazo Web, VideoConferencia...

### 10.3) Comunicación da programación aos alumnos

A principios de curso (en la primera semana de clase) se informará a los alumnos de los criterios e instrumentos de evaluación, del número aproximado de exámenes a lo largo del curso, así como de la exposición de la programación en la página web del centro.

### 10.4) Posibles Escenarios

Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: telemática e mixta

- a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)  
Empregarase a plataforma da Aula Virtual e Classroom nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.
- b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado, que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, o centro prestará nas súas posibilidades, equipos do centro e coa conexión a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase semanalmente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase semanalmente o acceso ás actividades en Classroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena...

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0234	Electrotecnia	2024/2025	7	183	217
MP0234_14	Corrente continua	2024/2025	7	38	45
MP0234_24	Electromagnetismo e corrente alterna	2024/2025	7	54	64
MP0234_34	Máquinas eléctricas	2024/2025	7	54	64
MP0234_44	Seguridade e proteccións nas instalacións electrotécnicas	2024/2025	7	37	44

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROBERTO EIRIZ SEIJAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A programación concreta e adapta o currículo ao contorno socioeconómico do centro e as características do alumnado, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

O módulo de electrotecnia é un módulo de soporte, asentando unha axeitada base teórica e práctica para a comprensión dos fenómenos eléctricos e electromagnéticos nos cales se basea o funcionamento das instalacións e das máquinas eléctricas.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Circuitos eléctricos de corrente continua.	Nesta unidade empézase co concepto de corrente eléctrica e términase resolvendo circuitos eléctricos de corrente continua aplicando as Leis de Kirchoff.	45	20
2	Electromagnetismo	Nesta unidade empézase co concepto de magnetismo, electromagnetismo e xeración de C.A., rematase resolvendo circuitos magnéticos.	18	10
3	Corrente alterna monofásica e trifásica	Nesta unidade didáctica se analiza o comportamento de elementos pasivos en corrente alterna e rematase resolvendo circuitos tanto de C.A. monofásica coma C.A. trifásica.	46	10
4	Transformadores	Nesta unidade empeza o estudo das máquinas eléctricas estáticas, os transformadores.	34	20
5	Máquinas eléctricas rotativas	Nesta unidade continúaase co estudo das máquinas, analizando as rotativas tanto de corrente continua como de corrente alterna.	30	20
6	Seguridade nas instalacións	Nesta unidade empezase analizando os perigos da corrente eléctrica e rematase estudando os dispositivos de protección empregados nas instalacións eléctricas.	44	20

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Circuitos eléctricos de corrente continua.	45

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza cálculos e medidas en circuitos eléctricos de corrente continua aplicando principios e conceptos básicos de electricidade.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características de condutores, illantes e semicondutores, e diferénciase o seu comportamento.
CA1.2 Identifícase a simboloxía normalizada nos esquemas dos circuitos eléctricos.
CA1.3 Interpretáronse e realizáronse esquemas de circuitos eléctricos, utilizando simboloxía normalizada.
CA1.4 Identifícanse as principais magnitudes eléctricas e utilízanse correctamente as súas unidades.
CA1.5 Resólvense problemas sobre a Lei de Ohm e a variación da resistencia coa temperatura.
CA1.6 Realízanse cálculos de potencia, enerxía e rendemento eléctricos.
CA1.7 Recoñécense os efectos químicos e térmicos da electricidade.
CA1.8 Simplifícanse agrupacións serie-paralelo de resistencias.
CA1.9 Realízanse cálculos en circuitos eléctricos de CC que abranguen conexións serie e paralelo, ou varias mallas.
CA1.10 Utilízanse correctamente as unidades de cada magnitude.
CA1.11 Identifícanse as características e as formas de conexión de aparellos de medida de tensión e intensidade.
CA1.12 Realízanse medidas de tensión e intensidade tendo en conta as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.
CA1.13 Recoñécense as propiedades e a función dos condensadores.
CA1.14 Simplifícanse agrupacións serie-paralelo de condensadores.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Xeración e consumo de electricidade.
0Xeradores: f.e.m.
Sentido real e convencional da corrente.
Corrente continua (CC) e corrente alterna (CA).
Sistema internacional de unidades.
Unidades de intensidade e tensión eléctricas.
Simboloxía.
Instrumentos para medir a corrente e a tensión.
Resistencia eléctrica.
Lei de Ohm.
Resistencia dun condutor.
Efectos da electricidade.
0Resistencia interna dun xerador.
Unidade de resistencia e resistividade.
Potencia eléctrica.
Energía eléctrica.
Rendimento.
Efecto químico da electricidade.
Electrólise.
Efecto térmico da electricidade.
Lei de Joule.

## Contidos

Aplicacións e inconvenientes.

Ilantes, condutores e semicondutores.

Ólmpadas de incandescencia e outros tipos de lámpadas.

Medida de resistencia.

Lei de Ohm xeneralizada para circuitos de CC.

Asociación de resistencias.

Asociación de xeradores.

Circuitos con asociacións serie-paralelo.

Circuitos con varias mallas.

Leis de Kirchhoff.

Medidas de tensión e intensidade en circuitos de CC.

Materiais illantes.

Cargas eléctricas.

Órixidez dieléctrica.

Características e funcionamento dun condensador.

Capacidade.

Carga e descarga dun condensador.

Asociación de condensadores.

Medidas de capacidade.

Circuíto eléctrico.

Simboloxía.

Movemento de cargas.

Contidos
Intensidade da corrente.
Mantemento da corrente: d.d.p.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Electromagnetismo	18

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os principios do electromagnetismo, describe as interaccións entre campos magnéticos e condutores eléctricos, e relaciona a Lei de Faraday co principio de funcionamento das máquinas eléctricas.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñecéronse as características dos imáns e dos campos magnéticos que orixinan.
CA1.2 Recoñecéronse os campos magnéticos creados por condutores percorridos por correntes eléctricas.
CA1.3 Realizáronse cálculos básicos de circuitos magnéticos, utilizando as magnitudes axeitadas e as súas unidades.
CA1.4 Recoñeceuse a acción dun campo magnético sobre correntes eléctricas.
CA1.5 Descríronse as experiencias de Faraday.
CA1.6 Relacionouse a Lei de indución de Faraday coa produción e a utilización da enerxía eléctrica.
CA1.7 Recoñeceuse o fenómeno da autoindución.
CA1.8 Recoñeceuse o fenómeno de interferencia electromagnética.



**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Magnetismo.</p> <p>0 Interaccións entre campos magnéticos e correntes eléctricas.</p> <p>Forzas sobre correntes situadas no interior de campos magnéticos.</p> <p>Forzas electromotrices inducidas.</p> <p>Experiencias de Faraday: lei de Faraday.</p> <p>Sentido da forza electromotriz inducida. Lei de Lenz.</p> <p>Correntes de Foucault.</p> <p>Autoindución: coeficiente de autoindución.</p> <p>Forzas electromotrices autoinducidas.</p> <p>Campo magnético producido por un imán.</p> <p>Campo magnético creado por unha corrente eléctrica.</p> <p>Materiais magnéticos.</p> <p>Curvas de magnetización.</p> <p>Permeabilidade magnética.</p> <p>Histérese magnética.</p> <p>Circuitos magnéticos.</p> <p>Magnitudes magnéticas.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Corrente alterna monofásica e trifásica	46

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza cálculos e medidas en circuitos eléctricos de CA monofásica, aplicando as técnicas máis axeitadas.	SI
RA3 - Realiza cálculos das magnitudes eléctricas básicas e medidas nun sistema trifásico e recoñece o tipo de sistema, así como a natureza e o tipo de conexión dos receptores.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as características dun sinal sinusoidal.
CA2.2 Identifícase a simboloxía normalizada.
CA2.3 Recoñécense os valores característicos da CA.
CA2.4 Descríbense as relacións entre tensión, intensidade e potencia en circuitos básicos de CA con resistencia, con autoindución pura e con condensador.
CA2.5 Realízanse cálculos de tensión, intensidade e potencia en circuitos de CA con acoplamento serie de resistencias, bobinas e condensadores.
CA2.6 Debúxáronse os triángulos de impedancias, tensións e potencias en circuitos de CA con acoplamento serie de resistencias, bobinas e condensadores.
CA2.7 Calculouse o factor de potencia de circuitos de CA.
CA2.8 Selecionouse o equipamento de medida axeitado.
CA2.9 Realízanse medidas de tensión, intensidade, potencia e factor de potencia, tendo en conta as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.
CA2.10 Relacionouse o factor de potencia co consumo de enerxía eléctrica.
CA2.11 Identifícase o xeito de corrixir o factor de potencia dunha instalación.
CA2.12 Realízanse cálculos de caída de tensión en liñas monofásicas de CA.
CA2.13 Descríbiuse o concepto de resonancia e as súas aplicacións.

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñecéronse as vantaxes dos sistemas trifásicos na xeración e no transporte da enerxía eléctrica.
CA3.2 Identificouse a simboloxía normalizada.
CA3.3 Descríronse os sistemas de xeración e distribución a tres e a catro fíos.
CA3.4 Identificáronse as dúas formas de conexión dos receptores trifásicos.
CA3.5 Recoñeceuse a diferenza entre receptores equilibrados e desequilibrados.
CA3.6 Realizáronse cálculos de intensidades, tensións e potencias en receptores trifásicos equilibrados, conectados tanto en estrela como en triángulo.
CA3.7 Seleccionouse o equipamento de medida axeitado.
CA3.8 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e enerxía, segundo o tipo de sistema trifásico e o tipo de carga.
CA3.9 Cumpríronse as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas na realización de medidas.
CA3.10 Realizáronse cálculos de mellora do factor de potencia en instalacións trifásicas.
CA3.11 Identificouse o xeito de corrixir o factor de potencia nunha instalación.
CA3.12 Describiuse o concepto de harmónicos e os seus efectos.
CA3.13 Realizáronse medidas de harmónicos interpretando o resultado das medidas.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Xeración de correntes alternas.
Resolución de circuitos de CA monofásica.
Cálculos en instalacións monofásicas.
Medidas de tensión, intensidade e potencia en circuitos monofásicos.

## Contidos

Medidas de frecuencia.

Medidas do factor de potencia.

Valores característicos.

Comportamento dos receptores elementais en CA monofásica: resistencia, bobina pura e condensador.

Simbología.

Circuitos RLC serie en CA monofásica.

Potencia en CA monofásica.

Factor de potencia.

Acoplamento en paralelo de receptores de CA monofásica.

Resonancia.

Xeración de correntes alternas trifásicas.

Harmónicos: causas e efectos.

Medidas de harmónicos.

Filtraxe de harmónicos.

Simbología.

Conexión de xeradores trifásicos.

Conexión de receptores trifásicos.

Potencia en sistemas trifásicos.

Corrección do factor de potencia.

Medidas de tensións e intensidades en sistemas trifásicos.

Medidas de potencia activa en sistemas trifásicos.

Medidas de enerxía en sistemas trifásicos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Transformadores	34

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece as características dos transformadores mediante a realización de ensaios e cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os circuitos eléctrico e magnético do transformador monofásico.
CA1.2 Identifícase a simboloxía normalizada.
CA1.3 Identifícanse as magnitudes nominais na placa de características.
CA1.4 Realízase o ensaio en baleiro para determinar a relación de transformación e as perdas no ferro.
CA1.5 Realízase o ensaio en cortocircuíto para determinar a impedancia de cortocircuíto e as perdas no cobre.
CA1.6 Selecciónanse os equipamentos de medida axeitados.
CA1.7 Conectáronse adecuadamente os aparellos de medida nos ensaios.
CA1.8 Cúmprense as medidas de seguridade adecuadas durante os ensaios.
CA1.9 Calculouse o rendemento do transformador ensaiado.
CA1.10 Dedúciñase as consecuencias dun accidente de cortocircuíto.
CA1.11 Identifícase o grupo de conexión co esquema de conexións dun transformador trifásico.

**Criterios de avaliación**

CA1.12 Describíronse as condicións de acoplamento dos transformadores.

CA1.13 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.

**4.4.e) Contidos**
**Contidos**

Principio de funcionamento.

Transformador de distribución.

Transformador monofásico. Ensaio en baleiro e en cortocircuíto. Caída de tensión.

Rendemento.

Autotransformador.

Transformador trifásico.

Simboloxía.

Esquemas de conexión.

Grupos de conexión.

Acoplamento en paralelo

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Máquinas eléctricas rotativas	30

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece as características das máquinas de corrente continua, mediante a realización de probas, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.	SI

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as características das máquinas rotativas de corrente alterna, mediante a realización de cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse as máquinas de CA segundo a súa excitación.
CA2.2 Identifícase a simboloxía normalizada.
CA2.3 Interpretouse a placa de características dunha máquina de corrente continua.
CA2.4 Identifícanse os elementos do indutor e inducido.
CA2.5 Recoñeceuse a función do colector.
CA2.6 Describiuse a reacción do inducido e os sistemas de compensación.
CA2.7 Mediuse a intensidade de arranque con reóstato.
CA2.8 Inverteuse a polaridade dos ennobelamentos para comprobar a inversión do sentido de xiro.
CA2.9 Cumpríronse as medidas de seguridade axeitadas durante os ensaios.
CA2.10 Interpretáronse as características mecánicas dun motor de corrente continua.
CA2.11 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.
CA3.1 Clasifícanse as máquinas rotativas de corrente alterna.
CA3.2 Identifícase a simboloxía normalizada.
CA3.3 Identifícanse os elementos que constitúen un motor de indución trifásico.

Criterios de avaliación
CA3.4 Interpretouse a placa de características.
CA3.5 Descríronse as conexións dos ennobelamentos en relación coa caixa de bornas.
CA3.6 Estableceuse a diferenza de funcionamento dos rotores de gaiola de esquí e bobinaxe.
CA3.7 Interpretouse a característica mecánica dun motor de indución.
CA3.8 Consultouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.
CA3.9 Realizáronse cálculos de comprobación das características descritas na documentación técnica.
CA3.10 Conectáronse os circuitos de máquinas eléctricas rotativas consonte as normas de seguridade.
CA3.11 Inverteuse o sentido de xiro.
CA3.12 Seleccioneuse o equipamento de medida axeitado.
CA3.13 Realizáronse medidas das magnitudes características consonte as normas de seguridade.
CA3.14 Realizouse un informe técnico cos resultados e as conclusións das medidas.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Constitución da máquina de corrente continua.</p> <p>Regulación de velocidade</p> <p>Inversión do sentido de xiro.</p> <p>Principio de funcionamento como xerador.</p> <p>Reacción do inducido.</p> <p>Tipos de excitación.</p>



Contidos
<p>Simbología.</p> <p>Ensaio e curvas características da dínamo</p> <p>Principio de funcionamento como motor.</p> <p>Par motor.</p> <p>Características mecánicas.</p> <p>Tipos e utilidade dos alternadores.</p> <p>0Inversión do sentido de xiro.</p> <p>Motores monofásicos.</p> <p>Motores especiais.</p> <p>Constitución do alternador trifásico.</p> <p>Principio de funcionamento do alternador trifásico.</p> <p>Simbología.</p> <p>Acoplamento de alternadores.</p> <p>Constitución e tipos do motor asíncrono trifásico.</p> <p>Principio de funcionamento: campo xiratorio.</p> <p>Característica mecánica.</p> <p>Sistemas de arranque.</p>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Seguridade nas instalacións	44

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os efectos da electricidade nas persoas e nas instalacións, e identifica e calcula os dispositivos de protección que se deben empregar.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Manexouse o REBT e a normativa de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.
CA1.2 Recoñecéronse os inconvenientes do efecto térmico da electricidade.
CA1.3 Identificáronse os riscos de choque eléctrico nas persoas e os seus efectos fisiolóxicos, así como os factores relacionados.
CA1.4 Identificáronse os riscos de incendio por quecemento.
CA1.5 Recoñecéronse os tipos de accidentes eléctricos.
CA1.6 Recoñecéronse os riscos derivados do uso de instalacións eléctricas.
CA1.7 Elaboráronse instrucións de utilización das aulas-taller.
CA1.8 Interpretáronse as cinco regras de ouro para a realización de traballos sen tensión.
CA1.9 Calculouse a sección dos condutores dunha instalación, considerando as prescricións regulamentarias.
CA1.10 Identificáronse as proteccións necesarias dunha instalación contra sobreintensidades e sobretensións.
CA1.11 Identificáronse os sistemas de protección contra contactos directos e indirectos.
CA1.12 Identificouse os elementos do sistema de posta a terra.
CA1.13 Dimensionouse o sistema de posta a terra.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Normativa sobre seguridade.
0Risco no uso de instalacións electrotécnicas.
Riscos nos traballos eléctricos en baixa tensión.
Proteccións en instalacións electrotécnicas e máquinas.
Intensidade de cortocircuíto e poder de corte das proteccións.
Illamento dos receptores.
Protección das envolventes.
Protección contra sobreintensidades: normativa.
Protección contra sobretensións: normativa.
Accidentes eléctricos.
Contactos directos e indirectos.
Regulamento electrotécnico para baixa tensión.
0Esquema de neutro: normativa.
Instalacións de posta a terra.
Cálculo da sección dos condutores dunha instalación tendo en conta o quecemento.
Caída de tensión en liñas eléctricas.
Cálculo da sección dos condutores dunha instalación tendo en conta a caída de tensión e a intensidade máxima admisible.
Risco eléctrico.
Efectos da electricidade sobre as persoas.
Efectos da electricidade sobre os materiais.
Factores que condicionan os efectos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os CONTIDOS MÍNIMOS que se esixirán para superar o módulo serán os seguintes:

UNIDADE FORMATIVA 1 Corrente continua:

- Illantes, condutores e semicondutores.
- Cargas eléctricas.
- Circuito eléctrico.
- Intensidade da corrente.
- Mantemento da corrente: d.d.p.
- Sentido real e convencional da corrente.
- Corrente continua (CC) e corrente alterna (CA).
- Sistema internacional de unidades.
- Unidades de intensidade e tensión eléctricas.
- Instrumentos para medir a corrente e a tensión.
- Resistencia eléctrica.
- Asociación de resistencias.
- Medida de resistencia.
- Lei de Ohm.
- Resistencia dun condutor.
- Unidade de resistencia e resistividade.
- Potencia eléctrica.
- Enerxía eléctrica.
- Efecto térmico da electricidade.
- Lei de Joule.
- Lei de Ohm xeneralizada para circuitos de CC.
- Asociación de xeradores.
- Circuitos con asociacións serie-paralelo.
- Circuitos con varias mallas.

- Leis de Kirchhoff.
- Medidas de tensión e intensidade en circuitos de CC.
- Características e funcionamento dun condensador.
- Capacidade.
- Carga e descarga dun condensador.

## UNIDADE FORMATIVA 2 Electromagnetismo e corrente alterna:

- Magnetismo.
- Campo magnético producido por un imán.
- Campo magnético creado por unha corrente eléctrica.
- Materiais magnéticos.
- Curvas de magnetización.
- Circuitos magnéticos.
- Magnitudes magnéticas.
- Interaccións entre campos magnéticos e correntes eléctricas.
- Forzas sobre correntes situadas no interior de campos magnéticos.
- Forzas electromotrices inducidas.
- Experiencias de Faraday: lei de Faraday.
- Correntes de Foucault.
- Autoindución: coeficiente de autoindución.
- Xeración de correntes alternas.
- Valores característicos.
- Comportamento dos receptores elementais en CA monofásica: resistencia, bobina pura e condensador.
- Simbología.
- Circuitos RLC serie en CA monofásica.
- Potencia en CA monofásica.
- Factor de potencia.
- Resonancia.
- Resolución de circuitos de CA monofásica.
- Cálculos en instalacións monofásicas.

- Medidas de tensión, intensidade e potencia en circuitos monofásicos.
- Medidas do factor de potencia.
- Xeración de correntes alternas trifásicas.
- Simbología.
- Conexión de xeradores trifásicos.
- Conexión de receptores trifásicos.
- Potencia en sistemas trifásicos.
- Corrección do factor de potencia.
- Medidas de tensións e intensidades en sistemas trifásicos.
- Medidas de potencia activa en sistemas trifásicos.

#### UNIDADE FORMATIVA 3 Máquinas eléctricas:

- Principio de funcionamento do transformador.
- Transformador monofásico. Ensaio en baleiro e en cortocircuíto. Caída de tensión.
- Rendemento.
- Autotransformador.
- Transformador trifásico.
- Simbología.
- Esquemas de conexión.
- Grupos de conexión.
- Constitución da máquina de corrente continua.
- Tipos de excitación.
- Simbología.
- Par motor.
- Regulación de velocidade
- Inversión do sentido de xiro.
- Constitución do alternador trifásico.
- Principio de funcionamento do alternador trifásico.
- Simbología.
- Constitución e tipos do motor asíncrono trifásico.
- Principio de funcionamento: campo xiratorio.

- Sistemas de arranque.
- Inversión do sentido de xiro.
- Motores monofásicos.

UNIDADE FORMATIVA 4 Seguridade e protección nas instalación electrotécnicas.

- Risco eléctrico.
- Efectos da electricidade sobre as persoas.
- Efectos da electricidade sobre os materiais.
- Riscos nos traballos eléctricos en baixa tensión.
- Protección en instalacións electrotécnicas e máquinas.
- Intensidade de cortocircuíto e poder de corte das proteccións.
- Illamento dos receptores.
- Protección contra sobreintensidades: normativa.
- Protección contra sobretensións: normativa.
- Accidentes eléctricos.
- Contactos directos e indirectos.
- Esquema de neutro: normativa.
- Instalacións de posta a terra.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos que se aplicarán nas distintas fases da avaliación son os seguintes:

Na avaliación inicial: informes finais de avaliacións de cursos anteriores, formulación de preguntas orais, e proba de exercicios básicos de conceptos de física e matemáticas.

Na avaliación continua: unha proba escrita por unidade didáctica con parte de teoría e parte de problemas. Cada parte cualifícase de 0 a 10.

A unidade didáctica estará aprobada cando se cumpran as seguintes condicións:

- A xeitada presentación do caderno de clase, coa colección completa dos exercicios e fichas das prácticas que se propuxeron para a UD.
- Acadar un mínimo de 5 en cada unha das partes da proba escrita.

A cualificación da UD para os alumnos/as que cumpran as condicións mencionadas será a media aritmética das dúas partes da proba escrita.

Os alumnos/as que non acaden un 5 en algunha das partes da UD cualificaranse realizando a media das partes da proba escrita, con un máximo de 4 puntos, polo tanto a unidade didáctica debe recuperarse segundo se indica no apartado 6a.

A cualificación trimestral será a media aritmética das notas de cada unha das unidades didácticas que se desenrolaron antes do período da avaliación. No caso de ter algunha unidade didáctica non superada para a cualificación realizase tamén a media pero a nota será como máximo de 4 puntos.

#### ASISTENCIA

A non asistencia a clase nunha porcentaxe superior a un 10% do horario lectivo sen xustificar supón a perda do dereito á avaliación continua.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Rematada a 3ª avaliación comenza o período de recuperación das unidades didácticas non superadas.

As actividades de recuperación serán do seguinte tipo:

- Repaso de traballos escritos relacionados cos resultados non alcanzados tanto de conceptos teóricos coma problemas, resolución de circuitos, montaxe de circuitos e medidas eléctricas nos mesmos.

Para recuperar o alumno/a fará unha proba escrita con parte de teoría e problemas, similar as que xa se realizaron ao longo do curso. Tanto a parte de teoría coma a de problemas puntuase de 0 a 10 (toda nota superior a 5 na recuperación considerase un 5).

O módulo estará superado si se acada un mínimo de 5 en cada unha das partes.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada (10% de faltas de asistencia sen xustificar, o que equivale a 19 horas lectivas), non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para o módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.



O instrumento de avaliación é unha proba final escrita con unha parte de preguntas teóricas e outra de problemas da mesma dificultade e características que as probas que se realizaron ao longo do curso. A duración da proba será de 4 horas. A parte de teoría coma a de problemas puntúase de 0 a 10, para a superación do módulo requírese un mínimo de 5 en cada unha das partes, neste caso a cualificación final será a media aritmética.

De non acadar un 5 en algunha das partes a cualificación final como máximo será de 4 estando o módulo non superado.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación realizarase semanalmente mediante unha ficha na que se anotarán para cada unidade didáctica os contidos impartidos e as actividades realizadas, e para cada unha das actividades os recursos empregados e o tempo invertido.

A avaliación da actuación do profesor implica un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a suficiencia da programación e do sistema de ensino, co fin de introducir melloras no proceso. Ao finalizar cada trimestre realizaremos unha avaliación da programación onde se analizarán os resultados obtidos, a selección dos contidos, a secuenciación, a temporalización, a adecuación entre os criterios de avaliación e os instrumentos utilizados, as medidas de atención aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo e o clima da clase.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Utilízase para valorar habilidades, destrezas, actitudes, coñecementos e dificultades que teñen os alumnos ao comezar o curso. Coñecida a situación de partida dos alumnos o proceso de avaliación valorará principalmente o progreso do alumno.

Como instrumento de avaliación, empregarase a observación directa, durante a primeira semana do curso, con debates, formulación de preguntas e un exercicio escrito de coñecementos previos para o desenrolo do módulo. Mediante a observación sistemática da actividade e comportamento do alumno recolleranse o maior número posible de datos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

É evidente que os compoñentes do grupo serán diversos en canto a motivación, intereses ou capacidades; os alumnos adoitan optar por este ciclo atraídos polo interese de entrar no mundo laboral ou polo interese por este campo da técnica.

Baseándonos no principio de normalización e integración escolar, as actividades de cada unidade didáctica prográmanse segundo diferentes graos de dificultade:

Actividades básicas que están ao alcance de todos os alumnos.

Actividades de reforzo, para os alumnos que non logran rematar as básicas.

Actividades de ampliación para os alumnos con un ritmo de aprendizaxe máis rápido.

Co fin de procurar a motivación do alumnado esas actividades responden ás seguintes finalidades básicas:

- Fomento do traballo práctico.
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo.
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- Identificación dos contidos básicos e imprescindibles para seguir progresando e os contidos complementarios.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- Actividades de reforzo e ampliación en pequenos grupos.

Dentro da formación dos grupos procurarase que os mesmos sexan heteroxéneos co fin de posibilitar a axuda mutua.

En calquera caso, ao ser esta programación flexible e aberta, favorece os cambios que deberemos introducir para dar resposta ás diferenzas individuais en estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses ou dificultades de aprendizaxe.

Aos alumnos que non teñan o progreso académico esperado, tan pronto como se detecte o retraso, propoñeráselles actividades que podan realizar de forma autónoma e contarán coa dispoñibilidade do profesorado para resolver dúbidas e responder a cuestións. Estas actividades basearanse no estudo do libro de texto, na consulta de catálogos e no emprego de Internet.

Conforme a lexislación vixente, dende o dpto. de orientación enviouse un dossier para atención a ACNEAE, protocolos de atención específicos ... Dado o tamaño do arquivo, non se inclúe neste apartado pero a xefatura de dpto didáctico de electricidade ten copia, e na reunión cos demais membros, darase información e difusión do mesmo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Prestaremos atención á adopción de actitudes respectuosas, tolerantes e seguras, e aos criterios de aforro. Así incorporaremos os temas transversais aos contidos actitudinais tendo en conta:

Protección medioambiental: debe realizarse un uso responsabel dos recursos e realizarse unha axeitada segregación dos residuos ou desperdicios que se xeran na realización das prácticas.

Emprego de equipos de protección individual: empregaranse axeitadamente os EPIs necesarios para evitar calquer accidente derivado da realización de prácticas.

Educación para a convivencia: os alumnos realizarán actividades prácticas traballando en equipo nas que se valorarán as actitudes cara ao traballo ben feito, a solidariedade e a cooperación cos membros do grupo.

MP0235_13	Instalacións eléctricas de vivendas e de edificios de vivendas	2024/2025	11	130	156
MP0235_23	Instalacións eléctricas en locais de tipo comercial e industrial	2024/2025	11	113	135
MP0235_33	Instalacións electroacústicas (intercomunicación e sonorización) e de seguridade nos ámbitos residencial, comercial e industrial	2024/2025	11	45	54

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS SÁNCHEZ SARANDESES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

A competencia xeral de este título consiste en montar y manter as infraestructuras de telecomunicación en edificios, instalacións eléctricas de baixa tensión, máquinas eléctricas e sistemas automatizados, aplicando normativa y reglamentación vixente, protocolos de calidad, seguridad y riesgos laborales, asegurando a sua funcionalidade e respecto o medio ambiente. Non é necesario concretar máis o currículo posta que se adecúa ao entorno produtivo do centro.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalacións eléctricas de interior. Esquemas, medidas, dispositivos de mando, de alumado, receptores e dispositivos de seguridade .	Nesta unidade estúdanse as normas relativas aos esquemas eléctricos, simboloxía específica, ferramentas eléctricas, aparatos de medida das magnitudes eléctricas fundamentais, materiais empregados nas instalacións eléctricas, conceptos de magnetismo e electromagnetismo, dispositivos de mando, sinalización, maniobra e protección e analízase a normativa relacionada coa seguridade nas instalacións eléctricas; tamén se estudian os diferentes tipos de lámpadas así como a normativa ao respecto. Complétase coa realización de medidas eléctricas, montaxe de circuitos básicos de alumado, debuxo e montaxe dos circuitos que forman parte das instalacións de interior de vivendas .	156	40
2	Instalación interior en locais de usos comerciais e de características especiais	Nesta unidade débúxanse e móntase os circuitos que forman parte da instalación interior en locais comerciais e de características especiais, e estúdase a normativa aplicable a estas instalacións	135	40
3	Instalacións electroacústicas e de seguridade.	Nesta unidade empezase analizando os perigos da corrente eléctrica e terminase estudando as disposicións sobre la protección fronte o risco eléctrico.	54	20

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalacións eléctricas de interior. Esquemas, medidas, dispositivos de mando, de alumado, receptores e dispositivos de seguridade .	156

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura e monta circuitos eléctricos básicos, para o que interpreta a documentación técnica.	SI

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura e monta a instalación eléctrica dunha vivenda con grao de electrificación básico e elevado, así como a instalación de servizos xerais dun edificio de vivendas, aplicando o regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT).	SI
RA3 - Formaliza a documentación técnica e administrativa de instalacións de vivendas con grao de electrificación básico e elevado, así como de instalacións de servizos xerais dun edificio, atendendo ao REBT.	SI
RA4 - Mantén instalacións interiores de vivendas e de servizos xerais dos edificios aplicando técnicas de medicións eléctricas, tendo en conta a relación entre a disfunción e a súa causa.	SI
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

#### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os principios de funcionamento dos mecanismos e os receptores.
CA1.2 Interpretáronse os esquemas eléctricos e analizouse o seu funcionamento.
CA1.3 Utilizáronse as ferramentas axeitadas para cada instalación.
CA1.4 Montáronse os mecanismos en relación coa súa utilización.
CA1.5 Montáronse axeitadamente os receptores.
CA1.6 Realizáronse as conexións consonte a norma.
CA1.7 Verificouse o funcionamento das instalacións.
CA1.8 Medíronse as magnitudes fundamentais.
CA1.9 Respectáronse os criterios de calidade en relación cos traballos realizados.
CA1.10 Tivéronse en conta as normas de boas prácticas no uso da instrumentación e da ferramenta utilizada.
CA2.1 Identificáronse as características da instalación tendo en conta a súa utilización e a súa potencia.
CA2.2 Aplicouse o REBT.



Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícaronse os elementos dentro do conxunto da instalación e en catálogos comerciais.
CA2.4 Realizouse a previsión dos mecanismos e os elementos necesarios.
CA2.5 Realizouse o plan de montaxe da instalación.
CA2.6 Elaborouse un procedemento de montaxe consonte criterios de calidade.
CA2.7 Utilizáronse as ferramentas axeitadas para cada elemento.
CA2.8 Respectáronse os tempos estipulados tendo en conta os criterios básicos de eficiencia.
CA2.9 Verificouse a correcta instalación das canalizacións, de xeito que se permita a instalación dos condutores.
CA2.10 Verificouse o funcionamento da instalación: proteccións, toma de terra, etc.
CA2.11 Realizáronse tarefas de forma individual e colectiva cunha correcta organización do traballo.
CA2.12 Realizouse a instalación tendo en conta os criterios básicos para o óptimo aproveitamento dos materiais empregados.
CA2.13 Tívoise en conta a limpeza e a orde no desenvolvemento dos traballos realizados.
CA3.1 Identifícaronse as características da instalación atendendo á súa utilización e á súa potencia.
CA3.2 Confeccionouse unha pequena memoria xustificativa.
CA3.3 Trazouse un esbozo da vivenda e da instalación.
CA3.4 Debuxáronse os esquemas unifilares dos circuitos atendendo á normalización.
CA3.5 Calculáronse os dispositivos de corte e protección.
CA3.6 Realizouse o cálculo da sección dos condutores e da caída de tensión, así como o dimensionamento da tubaxes ou canles protectoras, e dos dispositivos de corte e protección.
CA3.7 Utilizáronse catálogos e documentación técnica para xustificar as decisións adoptadas.

Criterios de avaliación
CA3.8 Confeccionouse a documentación axeitada (memoria técnica de deseño, certificado da instalación, instrucións xerais de uso e mantemento, etc.), atendendo ás instrucións do REBT e das administracións competentes.
CA3.9 Empregáronse aplicacións informáticas para a elaboración da documentación técnica e administrativa.
CA3.10 Tivéronse en conta os criterios básicos de calidade para a elaboración da documentación.
CA4.1 Verificáronse os síntomas de avarías a través das medidas realizadas e da observación da instalación.
CA4.2 Propuxéronse hipóteses razoadas das causas e a súa repercusión na instalación.
CA4.3 Localizouse a avaría utilizando un procedemento técnico de intervención.
CA4.4 Operouse con autonomía na resolución da avaría.
CA4.5 Propuxéronse medidas de mantemento obrigadas en cada circuíto ou elemento da instalación.
CA4.6 Comprobouse o correcto funcionamento das proteccións.
CA4.7 Realizáronse comprobacións das unións e dos elementos de conexión.
CA5.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
CA5.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
CA5.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA5.4 Descríronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantement
CA5.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e de protección persoal requiridas.
CA5.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA5.7 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA5.8 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Ferramentas básicas nas instalacións eléctricas de interior.
0Tipos de planos e esquemas eléctricos normalizados.
Interpretación de planos e esquemas eléctricos das instalacións de vivenda.
Criterios de calidade para a realización dos traballos.
Normas para unha correcta utilización da instrumentación e da ferramenta.
Elementos e mecanismos básicos nas instalacións de vivenda.
Tipos de receptores.
Tipos de mecanismos.
Instalacións básicas en vivendas.
Condutores eléctricos: designación, tipos e características.
Medidas fundamentais en instalacións básicas de vivendas.
Regulamento electrotécnico de baixa tensión aplicado ás instalacións interiores.
Convencionalismos de representación: simboloxía normalizada nas instalacións eléctricas.
Condicións xerais das instalacións interiores de vivendas e edificios.
0Toma de terra en vivendas e edificios.
Canalizacións específicas das vivendas e dos edificios: tipos e características.
Soportes e fixacións de elementos dunha instalación.
Elementos e procedementos de conexión.
Procedementos de verificación das instalacións interiores de vivendas e edificios.
Plan de traballo. Eficiencia e organización.
Criterios para o óptimo aproveitamento dos materiais.

## Contidos

Limpeza e orde no traballo.

Regulamento electrotécnico de baixa tensión aplicado ás instalacións interiores de vivendas e edificios.

Condições específicas para locais que conteñan bañeira ou ducha.

Sistemas de instalación.

Niveis de electrificación e número de circuitos.

Envolventes: tipos, características e graos de protección.

Tipoloxía dos servizos xerais dun edificio de vivendas.

Iluminación no ámbito da vivenda e do edificio: tipos, características e sistemas de control.

Cadro xeral de mando e protección. Dispositivos xerais e individuais de mando e protección. Protección contra contactos directos e indirectos. Protección contra sobretensións e sobreintensidades.

Proxectos eléctricos: interpretación.

Dimensionamento das instalacións eléctricas de vivendas e de edificios. Cálculo de seccións de condutores. Dimensionamento dos dispositivos de corte e protección. Dimensionamento das canalizacións.

Elaboración e interpretación de informes.

Memoria técnica de deseño, certificado da instalación, e instrucións xerais de uso e mantemento.

Programas informáticos para a elaboración da documentación técnica e administrativa.

Normas asociadas a criterios de calidade estandarizados para a elaboración da documentación.

Normativa de seguridade eléctrica.

Avarías tipo nas instalacións de uso doméstico: síntomas e efectos.

Diagnóstico de avarías: probas, medidas, procedementos e elementos de seguridade.

Reparación de avarías.

Mantemento de instalacións eléctricas de uso doméstico.

Identificación de riscos.

Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.

Contidos
Prevenção de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.
Equipamentos de protección individual.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
Cumprimento da normativa de protección ambiental.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalación interior en locais de usos comerciais e de características especiais	135

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura e monta, consonte a normativa, a instalación eléctrica dun local de pública concorrencia, así como os aspectos diferenciais dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e das instalacións con fins especial	SI
RA2 - Verifica a posta en servizo dunha instalación dun local de pública concorrencia, dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e de instalacións con fins especiais atendendo ás especificacións do REBT.	SI
RA3 - Formaliza a documentación técnica e administrativa dun local de pública concorrencia, dun local con risco de incendio ou explosión, dun local de características especiais e de instalacións con fins especiais, atendendo ao REBT.	SI
RA4 - Mantén instalacións de locais de pública concorrencia, locais con risco de incendio ou explosión, locais de características especiais e instalacións con fins especiais aplicando técnicas de medicións eléctricas, tendo en conta a relación entre a disfunción	SI
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a documentación técnica da instalación e a normativa.
CA1.2 Identifícanse os elementos da instalación.
CA1.3 Realizouse a correcta clasificación do local segundo o REBT.

Criterios de avaliación
CA1.4 Aplicáronse as normas tecnolóxicas acaídas para o tipo de local.
CA1.5 Tivéronse en conta as medidas de seguridade e calidade propias deste tipo de instalación.
CA1.6 Instalouse a iluminación de emerxencia.
CA1.7 Instalouse a fonte de alimentación secundaria axeitada para o tipo de local.
CA1.8 Realizouse o cadro xeral de protección atendendo ao tipo de instalación e ao REBT.
CA1.9 Instaláronse os cadros de distribución secundarios necesarios.
CA1.10 Utilizáronse as canalizacións adecuadas atendendo á súa utilización e á súa localización.
CA1.11 Tivéronse en conta os tempos previstos atendendo a un procedemento de calidade acordado.
CA1.12 Utilizouse a ferramenta axeitada en cada momento.
CA1.13 Tivéronse en conta as normas de boas prácticas no uso da instrumentación e da ferramenta utilizada.
CA1.14 Realizouse o orzamento correspondente á solución adoptada.
CA1.15 Respectáronse os tempos estipulados tendo en conta os criterios básicos de eficiencia.
CA1.16 Realizáronse tarefas colectivamente cunha correcta organización do traballo.
CA1.17 Realizouse a instalación tendo en conta os criterios básicos para o óptimo aproveitamento dos materiais.
CA1.18 Tívoise en conta a limpeza e a orde no desenvolvemento dos traballos realizados.
CA1.19 Prestóuselles importancia ás necesidades da propiedade da instalación.
CA2.1 Verificouse a adecuación da instalación ás instrucións do REBT.
CA2.2 Comprobáronse os valores de illamento da instalación.

Criterios de avaliación
CA2.3 Mediuse a resistencia da toma de terra e a corrente de fuga da instalación.
CA2.4 Medíronse e rexistráronse os valores dos parámetros característicos.
CA2.5 Verificouse a sensibilidade de disparo dos interruptores diferenciais.
CA2.6 Mediuse a continuidade dos circuítos.
CA2.7 Analizouse a rede para detectar harmónicos e perturbacións.
CA2.8 Comprobouse o illamento do chan.
CA2.9 Verificouse o correcto funcionamento de toda a instalación.
CA3.1 Identificáronse as características da instalación atendendo á súa utilización e á súa potencia.
CA3.2 Confeccionouse unha pequena memoria xustificativa.
CA3.3 Trazouse un esbozo do local e da instalación.
CA3.4 Debuxáronse os esquemas unifilares dos circuítos atendendo á normalización.
CA3.5 Calculáronse os dispositivos de corte e protección, a sección dos condutores e da caída de tensión, e o dimensionamento das tubaxes ou canles protectoras.
CA3.6 Utilizáronse catálogos e documentación técnica para xustificar as decisións adoptadas.
CA3.7 Confeccionouse a documentación axeitada (memoria técnica de deseño, certificado da instalación, instrucións xerais de uso e mantemento, etc.), atendendo ás instrucións do REBT e das administracións competentes.
CA3.8 Empregáronse aplicacións informáticas para a elaboración da documentación técnica e administrativa.
CA3.9 Tivéronse en conta os criterios básicos de calidade para a elaboración da documentación.
CA4.1 Verificáronse os síntomas de avarías a través das medidas realizadas e da observación da instalación.
CA4.2 Propuxéronse hipóteses razoadas das causas e a súa repercusión na instalación.

Criterios de avaliación
CA4.3 Localizouse a avaría utilizando un procedemento técnico de intervención.
CA4.4 Operouse con autonomía na resolución da avaría.
CA4.5 Propuxéronse medidas de mantemento obrigadas en cada circuíto ou elemento da instalación.
CA4.6 Comprobouse o correcto funcionamento das proteccións.
CA4.7 Realizáronse comprobacións das unións e dos elementos de conexión.
CA5.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
CA5.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
CA5.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA5.4 Descríbironse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantement
CA5.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e de protección persoal requiridas.
CA5.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA5.7 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA5.8 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Regulamento electrotécnico de baixa tensión aplicado a estas instalacións.
0Características especiais dos locais de pública concurrencia. Instalacións en locais de reunións e traballo. Instalacións en locais de espectáculos e actividades recreativas.
Características especiais dos locais con risco de incendio ou explosión. Modos de protección. Clases de emprazamentos I e II. Equipamentos eléctricos en clase I. Equipamentos eléctricos en clase II. Sistemas de instalación de cables. Instalación en lo
Características das instalacións eléctricas con fins especiais. Piscinas e fontes. Máquinas de elevación e transporte. Instalacións provisionais e temporais de obras. Feiras e pavillóns. Establecementos agrícolas e hortícolas. Instalacións a moi baixa ten



## Contidos

Receptores eléctricos. Clases de receptores eléctricos. Receptores para iluminación. Aparatos de calentamiento. Cables e folios radiantes en viviendas. Instalacións eléctricas en mobles. Instalacións en locais con radiadores para saunas.

Eficiencia e organización do traballo.

Traballo en equipo.

Criterios para o óptimo aproveitamento dos materiais.

Limpeza e orde no traballo.

Receptividade na colleita das necesidades formuladas pola propiedade da instalación.

Tipos de subministracións eléctricas.

Circuitos e iluminación de emerxencia.

Cadros xerais e secundarios de protección en locais.

Canalizacións eléctricas especiais.

Previsión de cargas.

Dispositivos para iluminación: tipos de lámpadas e a súa utilización.

Cálculo luminotécnico. Magnitudes fundamentais da luminotecnia. Criterios básicos de aforro enerxético e protección ambiental.

Aplicacións informáticas para a realización de cálculos luminotécnicos.

Posta en servizo das instalacións.

Medidas de tensión, intensidade e continuidade.

Medidas de potencias eléctricas e factor de potencia.

Analizador de redes.

Medidas de illamento.

Medidas de resistencia a terra e ao chan.

Medidas de sensibilidade de aparellos de corte e protección.

Memoria técnica de deseño, certificado da instalación, instrucións xerais de uso e mantemento, etc.

Contidos
<p>Cálculo de condutores e dimensionamento de tubaxes e de canles protectoras.</p> <p>Aplicacións informáticas para a realización de cálculos de condutores.</p> <p>Normas asociadas a criterios de calidade estandarizados.</p> <p>Elaboración de informes.</p> <p>Interpretación de proxectos eléctricos.</p> <p>Normativa de seguridade eléctrica.</p> <p>Avarías tipo nas instalacións de uso doméstico ou industrial: síntomas e efectos.</p> <p>Diagnóstico de avarías: probas, medidas, procedementos e elementos de seguridade.</p> <p>Reparación de avarías.</p> <p>Mantemento de instalacións eléctricas de uso doméstico.</p> <p>Identificación de riscos.</p> <p>Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p> <p>Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.</p> <p>Cumprimento da normativa de protección ambiental.</p>

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalacións electroacústicas e de seguridade.	54

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece elementos e equipamentos das instalacións electroacústicas, de seguridade e de CCTV, para o que identifica as partes que as compoñen e as súas características máis salientables.	SI

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura instalacións electroacústicas e de seguridade, para o que determina os elementos que as conforman, e selecciona compoñentes e equipamentos.	SI
RA3 - Monta instalacións electroacústicas e de seguridade, para o que interpreta documentación técnica e aplica técnicas de montaxe.	SI
RA4 - Verifica e axusta os elementos das instalacións electroacústicas e de seguridade, para lo que mide os parámetros significativos, e logo interpreta os seus resultados.	SI
RA5 - Mantén equipamentos e instalacións electroacústicas e de seguridade aplicando técnicas de detección, e relaciona as disfuncións coas súas causas.	SI
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os principios da electroacústica, da seguridade e dos CCTV.
CA1.2 Identifícanse as necesidades electroacústicas e de seguridade de cada tipo de local: sonorización, intercomunicación interior entre estancias, servizo de avisos xerais, detección de incendio, detección de intrusión ou detección de gases, etc.
CA1.3 Identifícanse os equipamentos e os elementos que compoñen as instalacións electroacústicas e de seguridade.
CA1.4 Descríbense as funcións e as características máis salientables dos equipamentos e dos elementos de conexión.
CA1.5 Analízase a normativa relativa ás instalacións electroacústicas e de seguridade.
CA1.6 Interpretáronse esquemas relativos ás instalacións electroacústicas e de seguridade.
CA1.7 Descríbense as posibilidades de interconexión das instalacións electroacústicas e de seguridade cos sistemas de telefonía, cos sistemas de portaría e videoportaría e cos sistemas domóticos.
CA2.1 Identifícanse as especificacións técnicas da instalación.
CA2.2 Aplícase a normativa.
CA2.3 Realízase unha clasificación das instalacións.
CA2.4 Calculáronse os parámetros dos elementos e dos equipamentos da instalación.
CA2.5 Utilízase a simboloxía normalizada.

Criterios de avaliación
CA2.6 Realizáronse os esbozos e os esquemas da instalación coa calidade requirida.
CA2.7 Utilizáronse aplicacións informáticas.
CA2.8 Utilizouse documentación técnica e comercial para a selección dos equipamentos e os materiais.
CA2.9 Elaborouse o orzamento correspondente á solución adoptada.
CA2.10 Prestouse especial importancia ás necesidades da propiedade da instalación.
CA3.1 Interpretouse a documentación técnica da instalación: planos, esquemas, regulamentación, etc.
CA3.2 Realizouse a traza da instalación.
CA3.3 Localizáronse e fixéronse canalizacións.
CA3.4 Realizáronse operacións de montaxe dos equipamentos.
CA3.5 Tendéronse os cables dos sistemas da instalación.
CA3.6 Conectáronse os equipamentos e os elementos da instalación.
CA3.7 Aplicáronse os criterios de calidade nas operacións de montaxe.
CA3.8 Optimizáronse de materiais.
CA3.9 Tívoise en conta a limpeza e a orde no desenvolvemento dos traballos realizados.
CA3.10 Realizáronse tarefas tendo en conta os criterios básicos de eficiencia.
CA3.11 Realizáronse tarefas colectivamente e cunha correcta organización do traballo.
CA4.1 Descríbironse as unidades e os parámetros dos sistemas que conforman a instalación.
CA4.2 Realizáronse as medidas dos parámetros significativos dos sinais nos sistemas da instalación.

Criterios de avaliación
CA4.3 Relacionáronse os parámetros medidos cos característicos da instalación.
CA4.4 Utilizáronse ferramentas informáticas para a programación dos equipamentos da instalación.
CA4.5 Realizáronse probas funcionais e axustes.
CA4.6 Elaborouse a documentación técnica onde se reflectan as actividades desenvolvidas, os procedementos utilizados e os resultados obtidos, así como un pequeno manual de emprego do equipamento instalado.
CA4.7 Tívose en conta o coidado da instrumentación e da ferramenta utilizada.
CA5.1 Realizáronse as medidas dos parámetros de funcionamento utilizando os medios, os equipamentos e os instrumentos específicos.
CA5.2 Operouse coas ferramentas e cos instrumentos adecuados para a diagnose de avarías.
CA5.3 Identificáronse os síntomas de avarías e disfuncións.
CA5.4 Formuláronse hipóteses das causas da avaría e da súa repercusión na instalación.
CA5.5 Localizouse o subsistema, o equipamento ou o elemento responsable da disfunción.
CA5.6 Operouse con autonomía nas actividades propostas.
CA5.7 Elaborouse a secuencia de intervención para a reparación da avaría.
CA5.8 Reparáronse ou, de ser o caso, substituíronse os compoñentes causantes da avaría.
CA5.9 Verificouse a compatibilidade do novo elemento instalado.
CA5.10 Restablecéronse as condicións de normal funcionamento do equipamento ou da instalación.
CA5.11 Realizáronse as intervencións de mantemento coa calidade requirida.
CA5.12 Elaborouse un informe-memoria das actividades desenvolvidas, os procedementos utilizados e os resultados obtidos.
CA6.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.

Criterios de avaliación
CA6.2 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
CA6.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA6.4 Descríbense os elementos de seguridade das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
CA6.5 Relaciónouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e de protección persoal requiridos.
CA6.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA6.7 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA6.8 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e do equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Magnitudes e unidades fundamentais empregadas en acústica e electroacústica.
Calidades e características dun sinal de audio. Impedancias e a súa adaptación.
Instalacións de seguridade: intrusión, incendio, acumulación de gases nocivos, CCTV e control de accesos. Tecnoloxías utilizadas nas instalacións de seguridade.
Instalacións electroacústicas: intercomunicación e sonorización. Tecnoloxías utilizadas nas instalacións electroacústicas
Características das instalacións electroacústicas e de seguridade segundo a tipoloxía e os requisitos do local.
Elementos das instalacións: tipos e características. Tipoloxía do cableamento.
Normativa sobre instalacións de electroacústica e seguridade.
Simboloxía e esquemas nas instalacións electroacústicas e de seguridade. Ferramentas informáticas para a súa elaboración.
Equipamentos para a interconexión das instalacións electroacústicas e de seguridade cos sistemas de telefonía, cos de portaría e videoportaría, e cos domóticos.
Instalacións electroacústicas. Características técnicas dunha instalación electroacústica. Clasificación das instalacións electroacústicas segundo a súa función, o ámbito de instalación, e o tipo de amplificación e de control do sistema. Fontes de son.
Instalacións de seguridade. Características técnicas das instalacións de seguridade. Tecnoloxías utilizadas. Elementos: tipos e características. Comunicacións do sistema co exterior.

## Contidos

Simboloxía normalizada.

Esquemas: ferramentas informáticas para a súa elaboración.

Normativa.

Cálculos básicos das instalacións.

Documentación técnica das instalacións.

Receptividade na recollida das necesidades formuladas pola propiedade da instalación.

Documentación e planos das instalacións.

Técnicas específicas de montaxe.

Ferramentas e útiles para a montaxe.

Calidade na montaxe de instalacións electroacústicas.

Criterios para a optimización dos materiais.

Limpeza e orde no traballo.

Eficiencia e organización do traballo.

Traballo en equipo.

Parámetros de funcionamento nas instalacións electroacústicas: axustes e posta a punto.

Instrumentos e procedementos de medida en instalacións electroacústicas.

Posta en servizo das instalacións electroacústicas.

Documentación para a posta en servizo das instalacións electroacústicas.

Normas para un uso correcto da instrumentación e da ferramenta.

Criterios, puntos de revisión e operacións programadas.

Instrumentos de medida e elementos de verificación.

Diagnóstico e localización de avarías.

## Contidos

Manual de mantemento.

Identificación de riscos.

Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.

Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Equipamentos de protección individual.

Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Cumprimento da normativa de protección ambiental.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

- ¿ Os contidos mínimos que se esixirán para superar o módulo serán os seguintes:
- Instalacións básicas en vivendas.
  - Condutores eléctricos: designación, tipos e características.
  - Medidas fundamentais en instalacións básicas de vivendas.
  - Regulamento electrotécnico de baixa tensión aplicado ás instalacións interiores.
  - Convencionalismos de representación: simboloxía normalizada nas instalacións eléctricas.
  - Interpretación de planos e esquemas eléctricos das instalacións de vivenda.
  - Criterios de calidade para a realización dos traballos.
  - Normas para unha correcta utilización da instrumentación e da ferramenta.
  - Niveis de electrificación e número de circuitos.
  - Iluminación no ámbito da vivenda e do edificio: tipos, características e sistemas de control.
  - Cadro xeral de mando e protección.
  - Dispositivos xerais e individuais de mando e protección.
  - Protección contra contactos directos e indirectos.
  - Protección contra sobretensións e sobreintensidades.
  - Toma de terra en vivendas e edificios.





- Procedementos de verificación das instalacións interiores de vivendas e edificios.
- Limpeza e orde no traballo.
- Dimensionamento das instalacións eléctricas de vivendas e de edificios.
- Cálculo de seccións de condutores.
- Dimensionamento dos dispositivos de corte e protección.
- Dimensionamento das canalizacións.
- Elaboración e interpretación de informes.
- Normativa de seguridade eléctrica.
- Avarías tipo nas instalacións: síntomas e efectos.
- Diagnóstico e reparación de avarías: probas, medidas, procedementos e elementos de seguridade.
- Mantemento de instalacións eléctricas.
- Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
- Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.
- Equipamentos de protección individual.
- Tipos de subministracións eléctricas.
- Circuitos e iluminación de emerxencia.
- Cadros xerais e secundarios de protección en locais.
- Dispositivos para iluminación: tipos de lámpadas e a súa utilización.
- Criterios básicos de aforro enerxético e protección ambiental.
- Instalación en locais con características especiais: húmidos, mollados, con risco de corrosión, poeirentos sen risco de incendio nin explosión, con temperatura elevada, con moi baixa temperatura, onde existan baterías de acumuladores, e locais asociados a un servizo eléctrico.
- Características das instalacións eléctricas con fins especiais.
- Receptores eléctricos.
- Clases de receptores eléctricos.
- Traballo en equipo.
- Posta en servizo das instalacións.
- Medidas de tensión, intensidade e continuidade.
- Medidas de potencias eléctricas e factor de potencia.
- Medidas de illamento.
- Medidas de resistencia a terra e ao chan.
- Instalacións de seguridade: intrusión, incendio, acumulación de gases nocivos, CCTV e control de accesos. Tecnoloxías utilizadas nas instalacións de seguridade.

- Instalacións electroacústicas: intercomunicación e sonorización. Tecnoloxías utilizadas nas instalacións electroacústicas
- Características das instalacións electroacústicas e de seguridade segundo a tipoloxía e os requisitos do local.
- Elementos das instalacións: tipos e características. Tipoloxía do cableamento.
- Normativa sobre instalacións de electroacústica e seguridade.
- Simbología e esquemas nas instalacións electroacústicas e de seguridade.
- Cálculos básicos das instalacións.
- Documentación técnica das instalacións.
- Técnicas específicas de montaxe.
- Ferramentas e útiles para a montaxe.
- Instrumentos e procedementos de medida en instalacións electroacústicas.
- Posta en servizo das instalacións electroacústicas.
- Diagnóstico e localización de avarías.

¿ Os criterios de cualificación que se adoptan son os seguintes:

Efectuarase unha avaliación sumativa por cada trimestre de curso, é dicir, realizaranse tres avaliacións ao longo do curso académico. Tomaranse como instrumentos de avaliación as probas teóricas, as probas prácticas, os traballos individuais, as prácticas de taller e a observación en clase. A valoración destes elementos proporcionará unha cualificación ou avaliación sumativa da aprendizaxe do alumno por cada trimestre.

Da media destas cualificacións trimestrais resultará unha avaliación final de curso.

Os instrumentos que se aplicarán nas distintas fases de avaliación son os seguintes:

- Na avaliación inicial: informes finais de avaliacións de cursos anteriores, debates, formulación de preguntas orais, e cuestionarios escritos, de resposta inmediata e de tipo test.
- Na avaliación continua, a observación sistemática do traballo en clase, entregas de traballos, revisión e corrección de tarefas, prácticas sobre panel de probas, prácticas de programación de autómatas, utilizando como guión unha ficha entregada polo profesor, que deberán cumprir cos datos obtidos na realización; estas prácticas realizaranse por grupos, aínda que a ficha deberá ser entregada de forma individual por cada alumno.
- Na avaliación final, realizarase unha proba que constará de dúas partes: A primeira será escrita e nela formularanse cuestións relativas á identificación e funcionamento das instalacións eléctricas interiores, ao diagnóstico de avarías, así como preguntas tipo test. A segunda será de carácter práctico e consistirá na realización ou montaxe de varias prácticas similares ás xa realizadas en clase (identificación de compoñentes, comprobación de elementos, uso de equipos e aparatos de medida, montaxe dun cadro xeral de protección, etc.).

O modo de cualificación de cada un dos instrumentos de avaliación mencionados, así como o seu peso na cualificación trimestral, é o seguinte:

- Proba escrita (30%)
- Proba práctica (30%)
- Prácticas de taller (10%)
- Traballos individuais (15%)
- Traballos na aula (15%)

O alumno superará o Módulo cando acade o 50 % dos obxectivos de cada apartado .

A cualificación trimestral será a media aritmética dos apartados anteriores, coa súa respectiva ponderación. A avaliación será positiva se resulta superior ou igual a 5.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das tres cualificacións trimestrais.

Un absentismo superior ao 10% das horas do módulo sen xustificar suporá a perda do dereito a avaliación continua.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

As actividades de recuperación consisten en actividades complementarias que se propoñen aos alumnos que non superan os mínimos esixibles en cada unha das sesións de avaliación programadas. As actividades de recuperación que se van propoñer serán do seguinte tipo:

- Traballos escritos relacionados cos resultados non alcanzados de identificación, interpretación, etc.: deseño de instalacións aplicadas a casos concretos, valoración de vantaxes e inconvenientes, interpretación de catálogos e manuais técnicos.
- Repetición dos informes ou memorias que non superen a avaliación positiva.
- As montaxes e as actividades prácticas que non superen os mínimos terán que finalizarse para alcanzar o aprobado.
- Ademais o alumno terá que facer unha proba escrita e outra práctica de recuperación individual baseada nos traballos propostos.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Aqueles alumnos que acumulen un número de faltas de asistencia igual ou superior a 29 horas (10% do total) sen xustificar, perderán o dereito á avaliación continua polo que na programación hai que prever o sistema de avaliación que se aplicará nestes casos. Os criterios de avaliación e mínimos esixibles serán os especificados nesta programación.

O procedemento de avaliación é unha proba final que consta de 2 partes, unha escrita e outra práctica no taller, a duración da cal será de 4 horas (2 +2). Tanto a proba escrita como a práctica serán da mesma dificultade e características que as que se realizaron ao longo do curso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase semanalmente mediante unha ficha na que se anotarán para cada unidade didáctica os contidos impartidos e as actividades realizadas, e para cada unha das actividades os recursos empregados e o tempo invertido.

A avaliación da actuación do profesor implica un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da programación e do sistema de ensino, co fin de introducir melloras no proceso.

Cunha periodicidade mensual realizaremos un seguimento da programación onde se analizarán os resultados obtidos, a selección dos contidos, a secuenciación, a temporalización, a adecuación entre os criterios de avaliación e os instrumentos utilizados, as medidas de atención aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo e o clima da clase.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Utilízase para valorar habilidades, destrezas, actitudes, coñecementos e dificultades que teñen os alumnos ao comezar o curso. Coñecida a situación de partida dos alumnos o proceso de avaliación valorará principalmente o progreso do alumno.

Como instrumento de avaliación, empregárase a observación directa, durante a primeira semana do curso, con debates e formulación de preguntas. Mediante a observación sistemática da actividade e comportamento do alumno recollense o maior número posible de datos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

É evidente que os compoñentes do grupo serán diversos en canto a motivación, intereses ou capacidades; os alumnos adoitan optar por este ciclo atraídos polas presas para entrar no mundo laboral ou polo interese por este campo da técnica.

Baseándonos no principio de normalización e integración escolar, as actividades de cada unidade didáctica prográmanse segundo diferentes graos de dificultade:

- ¿ Actividades básicas que están ao alcance de todos os alumnos.
- ¿ Actividades de reforzo, para os alumnos que non logran rematar as básicas.
- ¿ Actividades de ampliación para os alumnos con un ritmo de aprendizaxe máis rápido.

Coa fin de procurar a motivación do alumnado esas actividades responden ás seguintes finalidades básicas:

- Fomento do traballo práctico.
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo.
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- Identificación dos contidos básicos e imprescindibles para seguir progresando e os contidos complementarios.

- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- Actividades de reforzo e ampliación en pequenos grupos.

Dentro da formación dos grupos procurarase que os mesmos sexan heteroxéneos co fin de posibilitar a axuda mutua.

En calquera caso, ao ser esta programación flexible e aberta, favorece os cambios que deberemos introducir para dar resposta ás diferenzas individuais en estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses ou dificultades de aprendizaxe.

Aos alumnos cuio progreso académico non sexa o esperado, tan pronto como se detecte o retraso, propoñeráselles actividades que podan realizar de forma autónoma e contarán coa dispoñibilidade do profesorado para resolver dúbidas e responder a cuestións.

Estas actividades basearanse no estudo do libro de texto, na consulta de catálogos e no emprego de Internet

Conforme á lexislación vixente dende o Departamento de Orientación enviouse un dossier para a atención á ACNEAE, protocolos de atención específicos...

Dado o tamaño do arquivo, non se inclúe neste apartado pero a xefatura de Departamento Didáctico de Electricidade ten copia, e na reunión cos demais membros darase información e difusión do mesmo .

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Prestaremos atención á adopción de actitudes respectuosas, tolerantes e seguras, e aos criterios de aforro. Así incorporaremos os temas transversais aos contidos actitudinais tendo en conta:

- ¿ Educación ambiental: cando se realicen os diversos montaxes e instalacións reutilizaranse compoñentes e aproveitaranse restos de cabreado e materiais de refugallo; ao elixir as ferramentas, os equipos e os compoñentes perseguirase que o impacto medioambiental que producen sexa mínimo.
- ¿ Educación para a saúde: todas as actividades prácticas están expostas a riscos polo que vixiarase o emprego seguro de ferramentas e equipos, proporcionando aos alumnos as normas de seguridade a seguir no taller e de emprego dos recursos.
- ¿ Educación para a convivencia: os alumnos realizarán actividades prácticas traballando en equipo nas que se valorarán as actitudes cara ao traballo ben feito, a solidariedade e a cooperación cos membros do grupo.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

-Visitas a distintas empresas.-visitas a parques eólicos-Visita o centro de enexias renovables de Sotavento.-Visitas a centrais eléctricas.-Visitas a centros de transformación.

**10.Outros apartados****10.1) Información ó alumnado.**

O membros do Departamento de Electricidade informarán ao alumnado nas primeiras clases do curso de todo o relacionado ca programación , principalmente naqueles apartados que mais incidencia teñan, o mesmo tempo informaráselles dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada módulo correspondente.

O mesmo tempo os contidos mínimos estarán na páxina web do Centro, e a programación completa estará a disposición dos alumnos na Xefatura de estudos , e tamén no Departamento de Electricidade.

**10.2) Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Adaptacións necesarias á docencia non presencial

a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena (modalidade ensino mixto)

Empregarase a aplicación Google Classroom así como a Aula Virtual nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a

b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais .

A docencia realizarase a través da aplicación Google Classroom así como a Aula Virtual. A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado .

Empregaranse tamén as anteriores aplicación que permiten a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a .

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial .

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe .

d) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades, Classroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena .

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	4	107	128
MP1709_12	Prevenção de riscos laborais	2024/2025	4	50	60
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	4	57	68

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARIA MERITXELL PORRAL NOVIS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo enmárcase dentro da proposta de relación de módulos do 1º curso das ensinanzas da oferta ordinaria no curso 2024-2025 derivada da aplicación da Lei 3/2022, que xunto ca modificación establecida no Real decreto 499/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao medio e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. Establécese a nova ordenación dos módulos que se imparten de acordo ao DECRETO 28/2010, de 25 de febrero, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.

